

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE MARZO DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de marzo de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de marzo do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE 06/02/2009/1122-L/31

“Visto o escrito de don Miguel Fidalgo Areda con data 06.02.09, onde solicita Licenza de primeira ocupación para a rehabilitación e amplicación de adega para vivenda unifamiliar en As Laxas, 23- Francelos.

Visto o informe do aparellador municipal don Elias Pato Rodriguez de data 17.03.09 no que se fan as seguintes consideracións:

***Xirada visita o día 13 de marzo informa favorablemente a concesión da licenza de primeira ocupación.
Completarase o expediente administrativo no que respecta ó sinalado no punto 4.1 do informe de data 09/03/2009.***

Por elo, informase favorablemente á concesión da Licenza de Primeira Ocupación.

Visto o Informe de Aqualia de data 24/03/2009 no que se informa do estado dos servizos de As Laxas, nº23:

Infórmase de que en dita vivenda está correctamente conectada tanto a rede de abastecemento como a de abastecemento.

Visto o informe xurídico de data 27/03/2009

1ª.- O art. 194 parágrafo 2º da Lei 9/2002 somete a previa licenza municipal a primeira utilización dos edificios confirmando así a previsión do art. 10 do Decreto 28/99 de Disciplina urbanística de Galicia.

2ª.- De xeito semellante, pronúnciase o art. 9 (“a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente. Así mesmo, para a concesión de licenzas verificarase se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade,

habitabilidade e accesibilidade”) e art. 10 (“están suxeitos a previa licenza, sen perxuízo das autorizacións, licenzas ou concesións que foran procedentes con arranxo á lexislación específica aplicable, os seguintes actos: (...) 8. A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral”) do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, Decreto da Xunta de Galicia, do 17 de febreiro de 1999.

En liña con esta normativa autonómica, no ámbito local, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto do 17 de xuño de 1955, no art. 21.1, establece que: “Estarán suxeitas a previa licenza (...) a primeira utilización dos edificios e modificación obxectiva do uso dos mesmos (...).

3ª.- O art. 195.6 establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións se esixirá certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada ea previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

4ª.- A este respecto debe terse en conta o establecido nos artigos 20, 21, 22 da Lei 18/2008 polo que se aproba a Lei de Vivenda de Galicia que establece o seguinte:

“Artigo 20. Licenza de primeira ocupación:

1. A licenza de primeira ocupación é o acto administrativo que acredita que o edificio ou vivenda cumpre os requisitos esixidos para ser destinado a uso residencial, especialmente que a obra está completamente executada e se axusta á licenza urbanística outorgada.

2. Unha vez concluídas as obras de execución do edificio ou vivenda, e previa recepción, o axente promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, acompañando a súa solicitude a certificación final de obra e a acta de recepción, si se houbera outorgado expresamente, ou a acreditación da recepción tácita.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, haberá de resolver expresamente a solicitude e notificar á persoa interesada a resolución no prazo máximo de dous meses, a contar a partir da data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Unha vez transcurrido dito prazo sen que recaiga resolución expresa, a licenza de primeira ocupación entenderase concedida por silencio administrativo.

En ningún caso entenderanse outorgadas por silencio as licenzas de primeira ocupación en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico.

4. Na resolución da licenza de primeira ocupación farase constar a data da acta de recepción da obra executada ou, no seu caso, a de recepción tácita.

5. As administracións autonómica e municipais pondrán en funcionamento un sistema de información que permita conocer os datos de ocupación das vivendas, a fin de manter actualizado o seguimento do parque autonómico.

Artigo 21. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do suministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

Artigo 22. Declaración de obra nova.

As notarias e notarios e as rexistradoras e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova terminada que se acredite o outorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final da obra e o outorgamento, expreso ou por silencio administrativo, da licenza de primeira ocupación.”

5ª.- Así mesmo é convinte establecer a diferenza entre a licenza de apertura e a licenza de primeira ocupación e así como sinala o art. 21.2 d) do RSCL a licenza de primeira ocupación está encamiñada a comportar se o edificio pode destinarse a un determinado uso por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade e salubridade e, no seu caso, se o constructor cumpriu o compromiso de realizar simultaneamente a urbanización.

É dicir, a licenza de primeira ocupación non ten sustantividade propia e está vinculada á existencia de edificación e encamiñada a acreditar o cumprimento das condicións impostas na licenza de obras. Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 18.07.97 (A Lei 1997,9129) sinala que:

“A licenza de primeira ocupación dun edificio é unha autorización administrativa necesaria, que ten por finalidade contrastar si se respetaron na realidade a licenza de construción, comprobando si se cumpriron ou non as condicións establecidas en dita licenza e controlando se o edificio reúne as condicións idóneas de seguridade e salubridade e pode habilitarse para o uso a que se destina”

Ademáis, como dicen González mariñas e Álvarez Barbeito, ambas licenzas teñen obxectos diferentes que implican a súa necesaria diferenciación. Cítanse así as sentenzas do TSX de Galicia de 19.02 e 10.04.1991 según as que:

“A licenza de primeira ocupación, como fixo notar esta Sala noutras ocasións, non solo sirve o establecemento das condicións de uso e utilización da edificación construída, senon que igualmente ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto e tamen si se cumpriron as condicións lícitas no seu caso establecidas na licenza base da edificación, xa que si existe adecuación non pode denegarse a licenza de primeira ocupación, esixible nos términos dos art. 178 do TRLS 76 e 1.10 do RGU”.

“ Como xa indicou esta Sala na sentenza de 05.03.1991, a licenza municipal, de apertura concretase nun acto de control preventivo que recae esencialmente sobre a actividade...e sobre as condicións nas que se desenvolve aquela a tenor da normativa sobre protección de medio ambiente e calidade de vida”

Ou, en conclusión, como sinala a STS de 02.10.1999 (Actualidade Administrativa, 2000,118):

“A licenza de primeira ocupación de edificios e instalacións, que en ningún modo ponde se confundida nin equiparada coa licenza de apertura, ven esixida como de obtención necesaria no art. 21.1 do RSCL, non menos que no art. 10 do RDU.

A finalidade de dita licenza, explicitada de modo xenérico no primeiro parágrafo do art. 21.2 do referido RSCL, é confrontar a obra- edificio ou instalación-realizada con proxecto que serviu de soporte a licenza outorgada no seu día, e non seu caso, se efectivamente se cumpriron as condicións lícitas establecidas sen a licenza de obra.

Mediante a licenza de primeira ocupación, de natureza estritamente reglada, comprobase o efectivo cumprimento da licenza de obras, que obviamente debe existir, xa que o confrontar a execución da obra con proxecto que serviu de base ao outorgamento da licenza, constitúe o contido da actividade de control realizada”

6ª.- Así no expediente consta certificado de final de obra visado con data de 23.12.08 e de data 18.12.08 e informe técnico de data 17.02.09 no que se di *“que o local se axusta a licenza de obras concedida”.*

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos expostos infórmase favorablemente ó outorgamento da licenza de primeira ocupación para acondicionamento de local para oficinas.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a licenza de primeira ocupación a don Miguel Fidalgo Areda para a rehabilitación e ampliación de adega para vivenda.”

2.- EXPEDIENTE 12-03-2009-1783-65

Dase conta por parte do secretario do expediente instruído por Don José Yebra Fernández en representación de Union Fenosa Distribución, no que se presenta proxecto de reforma de LMT, CT y RBT Francelos. No expediente consta informe técnico de data 24/03/2009 no que se fan as seguintes consideracións:

2.1. Según a cartografía oficial das NNSSM Plano de ORGANIZACIÓN ESPACIAL, RED VIARIA, ALINEACIONES E RASANTES E 1:2,000, a parcela sobre a que se proxecta o C.T. e de titularidade pública pertencente o viario xeral definido (E.L).

2.2. Consecuentemente e salvo mellor criterio o proxecto de construción do C.T. representa unha infracción urbanística según se tipifica no Art. 217 da LOUGA por ocupación dun E.L.

2.3. O PXOM foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Concello, Pleno celebrado o día 30 de outubro de 2008. Segundo punto 4 “Aprobación Plan Xeral de Ordenación Municipal”.

2.4. No apartado terceiro (4-3) señálanse as zonas concretas nas que se suspenden licencias así como establece as pautas de interpretación. En calquera suposto non se poderán xerar situacións contrarias a planificación en trámite.

Consta informe xurídico de secretaría de data 27.03.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

3.- En base a argumentación exposta, en principio a solicitude de licenza para proxecto de reforma de LMTCT y RBT Francelos, trátase dunha obra maior.

4.- De conformidade co art. 217.2a son infraccións moi graves as accións e omisións que constitúan incumplimento das normas relativas ó uso e edificación que afecta a terreos calificados como zonas verdes, o cal, así mesmo, deberá poñerse en conexión co art. 213 que establece que os actos de edificación que se realicen sin licenza sobre terreos cualificados polo planeamento como espazos libres quedarán suxeitos ós art. 219 e 210 sen que teña aplicación a limitación de 4 anos, é dicir, a reposición da legalidade poderá realizarse en calquera momento, añadiendo o párrafo 2º do citado art que as licencias que se outorguen con infracción urbanística dos espazos libres serán nulas de pleno dereito.

5.- Como se desprende do informe técnico a actuación pretendida se sitúa sobre dominio público, concretamente nun espazo libre de xeito que en ningún caso se podería outorgar licenza urbanística posto que sería contrario ó planeamento urbanístico, ó ser constitutiva de unha infracción urbanística moi grave e poder ser repostada a legalidade sen límite temporal.

6- A maior abundamento a actuación que se pretende realizar en calquera caso estaría afectada pola suspensión de licenzas en virtude da sesión ordinaria do Concello Pleno de 30/10/2008.

CONCLUSIONES

Infórmase desfavorablemente o outorgamento da licenza solicitada ó ser contraria á lexislación do plan urbanístico aplicable.

Deliberado sobre o particular A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda denegar a licenza solicitada por ser contraria á lexislación e o Planeamento urbanístico.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- “Visto o escrito de **dona M^a del Portal Viso González**, con fecha de entrada 18 de marzo e nº RE 1932, con domicilio na rua Muñoz Calero nº6 4º I, Ribadavia relativo a renuncia á Praza de Traballadora Social que viña ocupando neste concello mediante un contrato de colaboración social con data de alta o 16 de Febreiro de 2009,.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación da Delegación Provincial de Estadística da Provincia, de data de entrada 27.03.2009 e nº RE 2102 relativo a futura disposición dos Concellos da posibilidade de transmisión inmediata do ficheiro por IDA- Padrón.

A Xunta de Goberno local acorda por unanimidade dos seus membros das traslado ó responsable do padron Don Luis da comunicación recibida.

2º.- Escrito da Sociedade Xeral de Autores e Editores, con data de entrada 25.03.09 e nº RE 2049 relativo a taxas pendentes de pago de dereitos de autor deste Concello.

3º.- Escrito da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data de entrada 26 de marzo e nº de RE 2079 relativo a notificación de resolución da primeira convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España – Portugal POCTEP 2007-2013.

4º.- Escrito da Consellería de Traballo, Dirección Xeral de Formación e colocación con data de 27 de marzo de 2009, no que se achega a resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, concedéndose a esta entidade a subvención solicitada.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2009, por importe de 224.662,91 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 1 de Abril e o 1 de Xuño de 2009.”

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2 /09, por importe de 67.416,10 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2009.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2009, por importe de 35.837 euros, tarifa de depuración por importe de 6.942,96 euros, máis 3.002,7 euros de IVE, resultando un total de 45.782,66 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2009, por importe de 13.549 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 11.226,67 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Lcoal, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 31 de marzo de 2009 de o 14 de maio de 2009”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CENTRO DE ORIENTACION DE ESTUDIOS COMERCIAIS, servicios de realización de actividades escolares modalidade A, dinámicas activas de interior e exterior, por importe de 7.200 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES.

Dase conta por parte do secretario da proposta de intervención relativa á aprobación dunhas bases que rexerán as axudas e subvencións as comisións de festas.

BASES XERAIS E CONVOCATORIA QUE REXERA AS AXUDAS E SUBVENCIONS AS COMISIONS DE FESTAS TRADICIONAIS.-

As presentes Bases e convocatoria fanse ó abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e da Ordenanza Xeral Municipal reguladora de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2004 e publicada no BOP de data 22 de decembro de 2004.

Artigo 1.- A finalidade é fixa-las bases reguladoras para o ano 2009 das axudas para apoiar-las festas populares tradicionais das parroquias e barrios do Concello de Ribadavia.

Artigo 2.- A concesión destas axudas realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que se establecen.

Artigo 3.- Para a concesión das axudas convocadas destinase a cantidade de 3.000 euros que se finanza con cargo á partida orzamentaria consignada no orzamento municipal.

Artigo 4.- A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle a Concellería de Cultura. Realizaranse de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formula-la proposta de resolución.

Artigo 5.- Para os efectos previstos no artigo 22.1 da LXS, o órgano colexiado competente para a proposta da concesión estará composta polo Alcalde, concelleiro de Cultura e un representante de cada grupo político presente na Corporación(ou ben integrantes da Comisión informativa de Cultura).

Artigo 6.- A resolución será dictada pola Xunta de Goberno Local, no prazo máximo de vinte días dende a data de remate de presentación de solicitudes, e daraselle publicidade da mesma.

Artigo 7.- Terán a consideración de beneficiarios/as das subvencións as comisións de festas pertencentes ó Concello de Ribadavia

Quedarán excluídos/as aqueles/as que con anterioridade percibisen algunha outra axuda deste organismo e non xustificasen o seu investimento.

Artigo 8.- As solicitudes peresentaranse nos modelos que o propio Concello facilitará dentro do prazo conferido o efecto.

Artigo 9.- O prazo para a presentación de solicitudes será ata 30/09/09, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases e da convocatoria.

Artigo 10.- As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:
-Documento xustificativo da composición da comisión.

- Escrito do/a representante que xustifique a finalidade da subvención.
- Declaración formal asinada polo/a representante, de todas, axudas solicitadas ou non concedidas ou non, para a mesma finalidade doutras administración públicas ou privadas.
- Orzamento de gastos e ingresos.
- Proxecto explicativo das actuacións que se pretenden levar a cabo (Programa de festas).
- Certificación orixinal da conta bancaria.

Artigo 11.- Procederá a liquidación unha vez que as entidades beneficiarias xustifique debidamente o importe da subvención concedida. Poderá solicitarse un anticipo polo valor mínimo de 150 euros, a percibir durante a celebración da festa segundo a disponibilidade de tesourería do Concello. A data límite da xustificación será o de tres meses dende a finalización da actividade ou convocatoria de axudas e comprenderá a seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou copias compulsadas do gasto realizado.
- Declaración de que actividades realizadas foron financiadas coa subvención.
- Relación desagregada de todos os ingresos: fondos propios, subvención concedida e outras achegas para a mesma finalidade, indicando importes e procedencias.

Artigo 12.- A subvención concederáse a todas as comisións de festas que cumpran os requisitos mencionados no apartado dos/as beneficiarios/as.

Artigo 13.- As comisións de festas obxecto de subvención deberán incluír en toda a publicidade da actividade o logo do Concello de Ribadavia coa lenda “Concellería de Cultura”.

Artigo 14.- Criterios de Avaliación

- Orzamento da festa. Cada 1.000 euros: 1 punto. Deberá xustificarse con pagos ou facturaas acreditativas.
- Cantidade invertida en grupos Ribadavienses (bandas de música, grupos de gaitas ou tradicionais...). Cada 500 euros: 1 punto.
- Variedade de actividades:
 - o Cada actuación musical: 1 punto.
 - o Cada actividade infantil: 1 punto.
 - o Cada actividade deportiva: 1 punto.
 - o Cada actividade lúdico-cultural (conferencias, cine...): 1 punto.
- Fomento do idioma galego:
 - o Na páxina Web (si dipoñen dela): 3 puntos.
 - o Na cartelería: 3 puntos.
 - o No libro de festas: 3 puntos.

Artigo 15.- Contía das axudas

As axudas oscilarán entre 300 euros e 150 euros (máxima e mínima respectivamente). No caso que o número de solicitudes non suporé o número de 9, a contía máxima elevarase a 400 euros.

En cada localidade ou barrio do Concello solo se poderá optara a unha desta axudas, se ben se podera computar o investimento realizado en 2 ou máis festas desa localidade.

As festas que se celebren con posterioridade o 30 de setembro, computarán para a convocatoria do ano seguinte.

Artigo 16.- Compatibilidade con outras subvencións

En ningún caso a suma das axudas concedidas por outras institucións , para os mesmos fins, superara o 100% do orzamento previsto.

Artigo 17.- Aboamento da subvención

- 150 euros coa solicitude da axuda e comprimentada correctamente a solicitude, unha vez sexa adoptado o acordo pola xunta de goberno e se lles notifique os interesados.
- A cantidade restante o remate da actividade ,unha vez xustificadas os gastos do xeito indicado no artigo 11.

DISPOSICION FINAL.-

1.- En todo o non disposto na presente convocatoria haberá que aterse ó disposto na Ordenanza municipal reguladora de Subvencións.

2.- A presente convocatoria publicarase no B.O.P. e no taboleiro de anuncios da Corporación para os efectos de cumprimento do requisito e publicidade.

Ribadavia, 30 de marzo de 2009.-

Deliberado sobre o particular A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar as bases que rexerán as axudas e subvencións as comisións de festas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO